



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030



CENTRO ESPAÑOL DE
ACCESIBILIDAD
COGNITIVA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DEL INTERIOR



Manual para participar nunha mesa electoral

Eleccións xerais. Xullo 2023
Versión galega



O CEACOG é un centro asesor de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030



REAL
PATRONATO SOBRE
DISCAPACIDAD

Xestionado por:





Edición número 2:

CEACOG.

Centro Español de Accesibilidad Cognitiva.

O CEACOG axudou a actualizar este documento
con novos dato.

Año: 2023.

Edición número 1:

Plena inclusión España.

Año: 2019

info@plenainclusion.org

www.plenainclusion.org

EDITA:

Centro Español de Accesibilidad Cognitiva

Madrid. 2023

Avenida General Perón, 32. Planta 1

Código postal 28020. Madrid

info@ceacog.es

www.ceacog.es



Licencia de Reconocimiento-Compartir Igual 2.5 España. CC BY-SA 2.5 ES.

Lee el [resumen de la licencia](#) y la [licencia completa](#).



Índice

1. Introducción	4
2. Lista de palabras difíciles	7
3. Que é unha mesa electoral?	12
4. As persoas que forman unha mesa electoral	14
As persoas suplentes	15
Outras persoas que están na mesa electoral	16
5. O material que necesitan as mesas electorais	18
6. Funcións das persoas	21
que forman unha mesa electoral	21
Funcións das persoas da mesa antes de empezar a votación	21
Funcións das persoas da mesa durante a votación	22
Funcións das persoas da mesa despois da votación	25
7. Que documentos deben entregar as persoas da mesa ás autoridades?	29
8. Accesibilidade nos procesos electorais	30
e o voto das persoas con discapacidade	30
Consellos para tratar coas persoas con discapacidade:	30
9. Normas dentro do colexio electoral	35
Que persoas poden entrar nos colexios electorais?	36
10. Problemas que poden pasar na mesa electoral	38
Problemas que poden pasar antes de comezar a votación:	38
Problemas que poden pasar durante a votación:	40
Problemas que poden pasar despois da votación:	42



• 1. Introducción

Este documento explica o que tes que facer se participas nunha mesa electoral nas eleccións xerais do día 23 de xullo.

A mesa electoral é o lugar onde entregamos o noso voto para elixir aos políticos e políticas que queremos que nos representen.

Nas eleccións xerais votamos ás persoas que queremos que nos representen no Parlamento de España.

O Parlamento de España tamén se chama Cortes Xerais.

As Cortes Xerais están formadas polo Congreso dos Deputados e o Senado.

Nas eleccións xerais eliximos aos deputados e deputadas do Congreso e aos senadores e senadoras do Senado.

Os deputados e deputadas do Congreso elixen ao deputado ou deputada que será o presidente ou presidenta do país.

As Cortes Xerais teñen as seguintes funcións:

- Fan as leis.
- Aceptan os presupostos do país.
- Controlan o que fai o Goberno.



Para votar aos deputados e deputadas do Congreso
temos que elixir a papeleta branca
do partido político que queremos que governe.

Hai unha papeleta branca por cada partido político
que presenta candidatos e candidatas
para o Congreso.

Temos que meter a papeleta branca
do partido que eliximos
no sobre branco que pon Deputados/as.

Para votar aos senadores e senadoras do Senado
temos que coller a papeleta de cor sepia.
A cor sepia é parecido ao color laranxa.

Só temos unha papeleta de color sepia.
Nesta papeleta
aparecen os candidatos e candidatas para o Senado
de todos os partidos políticos.

Na papeleta de color sepia
podemos marcar 1,2 ou 3 candidatos ou candidatas.
Podemos marcar candidatos ou candidatas
dun mesmo partido ou de diferentes partidos.

Para elixir ao candidato ou candidata que queremos votar
temos que escribir un **X** no cadrado
que está ao lado do seu nome.

Temos que meter a papeleta de cor sepia
no sobre de color sepia
que pon Senadores/as.



Neste documento vas a encontrar palabras difíciles de entender que están escritas en letra máis negra. As palabras da lista están ordenadas por orde alfabético, do A ó Z.

Na seguinte páxina tes a lista de palabras difíciles e o significado da cada palabra ou frase.

Ademais, neste documento tamén che explicamos:

- Que é unha mesa electoral.
- As persoas que forman a mesa electoral.
- O material que necesitan as mesas electorais.
- As funcións que fan as persoas que forman a mesa electoral.
- A documentación que a persoas da mesa deben entregar ás autoridades.
- A accesibilidade nos procesos electorais e o voto da persoas con discapacidade.
- As normas dentro do colexio electoral.
- Os problemas que poden pasar na mesa electoral.



• 2. Lista de palabras difíciles

Acta da constitución da mesa:

É un documento da mesa electoral.

As persoas da mesa electoral
firman este documento pola mañá
para empezar a facer as súas funcións.

Acta do escrutinio:

É un documento da mesa electoral.

As persoas da mesa electoral
escriben neste documento
o número de votos desa mesa nunhas eleccións.

Acta da sesión:

É un documento da mesa electoral.

As persoas da mesa electoral
escriben neste documento
ó número de votos que conseguiu cada partido político
e os problemas que pasaron durante a votación.

Acreditación:

É un documento
que pon o nome da persoa e o posto de traballo
da persoa que leva a acreditación.

Nas eleccións,
a acreditación pon o nome da persoa
e nome do partido político ao que pertence a persoa.



Apoderados e apoderadas:

Son persoas que pertencen a un partido político.

Poden estar en varias mesas electorais
e pasar por varios colexios electorais.

Os apoderados e apoderadas teñen as seguintes funcións:

- Controlan que as votacións e o recuento de votos está ben.
- Protestar, reclamar e pedir documentos.
Por exemplo, a acta de constitución da mesa electoral.
- Actuar como interventores ou interventoras cando non hai ningún interventor ou interventora na mesa electoral.

Cabina de votación:

É un lugar dentro do colexio electoral no que podes preparar o teu voto de forma privada.
Dentro da cabina de votación tes sobres e papeletas de todos os partidos políticos.
A cabina electoral está cerca da mesa electoral.

Certificado de votación:

É un documento que piden as persoas que necesitan unha proba de que foron votar.

Certificado censual:

É un documento que recolle os teus datos.
Por exemplo, o lugar onde estás empadroado.



Colexio electoral:

É lugar ao que vamos a votar.

Tamén se pode chamar local electoral.

Copias do nomeamento

de interventores e interventoras:

Son os documentos que dan permiso aos interventores e interventoras para estar nunha mesa electoral.

Interventores ou interventoras:

Son persoas que forman parte dunha mesa electoral.

Os partidos políticos que se presentan ás eleccións elixen aos interventores das mesas.

Os interventores e interventoras levan unha acreditación para demostrar que son interventores e interventoras.

Os interventores e interventoras teñen as seguintes funcións:

- Estar nunha mesa electoral na que poden opinar sobre o que pasa pero non poden tomar decisións.
- Protestar, reclamar e pedir documentos. Por exemplo, a acta de constitución da súa mesa electoral.



Lista do censo de mesa:

É un listado que recolle todas as persoas que poden votar nunha mesa electoral.

As persoas da mesa electoral comprobán que os datos da persoa que quere votar están no censo.

Lista de votantes da mesa:

Es un documento que recolle todas as persoas que foron a votar nunha mesa electoral.

As persoas da mesa electoral escriben na lista de votantes o nome e apelidos das persoas que votan.

Mesa electoral:

É o lugar onde poñemos o voto para elixir aos políticos e políticas que queremos que nos representen.

Orde público:

Son as normas que debemos cumprir dentro do colexio electoral.

Modelo auxiliar:

É un documento que axuda a contar os votos para os candidatos e candidatas do Senado.

Presidente ou presidenta da mesa electoral:

É a persoa que decide o que hai que facer cando hai un problema ou cando hai que tomar unha decisión.



Sentencia Xudicial:

É un documento
que escribe un xuíz ou unha xuíza.
O xuíz ou xuíza escribe neste documento
a súa decisión sobre un problema.

Suplente:

É unha persoa que se elixe por sorteo.
Un suplente ocupa o lugar dunha persoa titular
cando a persoa titular
non pode facer as súas funcións.

Urna ou urnas:

Son caixas transparentes
onde metemos o noso voto.

Estas caixas están pechadas.
Para meter o noso voto
temos que mostrar o noso DNI
ás persoas que están na mesa electoral.
Tamén temos que estar na lista do censo electoral.

Vogais da mesa electoral:

Son persoas que están na mesa electoral.
Comproban que as persoas que votan
están na lista do censo.

Xunta electoral de zona:

É unha entidade que revisa
que as eleccións funcionan ben
en todos os colexios electorais.



• 3. Que é unha mesa electoral?

Nas eleccións podemos votar para elixir aos políticos e políticas que queremos que nos representen.

O colexio electoral é o lugar onde vamos votar.

Nos colexios electorais hai mesas electorais con urnas para meter o noso voto.

Nas mesas electorais hai persoas que recollen os votos e contan os votos para saber quen gañou as eleccións.

Cada concello fai un sorteo para elixir ás persoas que participan nas mesas electorais.

Para estar na mesa electoral tes que:

- Saber ler.
- Saber escribir.
- e ter entre 18 e 70 anos.

As persoas elixidas no sorteo teñen a obriga de estar na mesa electoral.

Se saes elixido para a mesa electoral e non vas póñenche unha multa.



Podes faltar á mesa electoral se tes unha boa razón que o xustifique.

Por exemplo:

- Estás enfermo ou enferma.
- Estás embarazada de 6 meses ou máis.
- Tes máis de 65 anos.

Para xustificar que non podes estar na mesa electoral tes que informar á Xunta electoral de zona. A Xunta electoral de zona é unha entidade que revisa que as eleccións funcionan ben en todos os colexios electorais.

Para presentar este xustificante tes un prazo de 7 días dende o día que che informan que ti es un membro dunha mesa electoral.

Por exemplo:

O luns 3 de xullo infórmanche que ti es membro dunha mesa electoral.

Tes hasta o luns 10 de xullo para presentar un xustificante de que non podes estar na mesa electoral.

Xullo						
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

• **4. As persoas que forman unha mesa electoral**

Todas as mesas electorais están formadas por:

- Un presidente ou presidenta da mesa electoral.
O presidente ou presidenta
é a persoa que decide o que hai que facer
cando hai un problema
ou cando hai que tomar unha decisión.
- e 2 vogais.
Os vogais comprobam que as persoas que votan
están na lista do censo da mesa.

As funcións dos presidentes ou presidentas
e dos vogais ou das vogais son:

- Ir ás 8 da mañá ao colexio electoral
e presentarse na mesa que lle toca.
- Comprobar que a mesa electoral
ten o material necesario
para que as persoas podan votar.
- Recoller o voto das persoas que votan.
- Controlar a mesa electoral
para que todo vaia ben.
Se hai algún problema
poden chamar á Xunta electoral de zona.
- Contar os votos
e entregar os resultados ás autoridades,
por exemplo, á policía.



As persoas suplentes

Nas mesas electorais hai persoas suplementes que teñen que estar ás 8 da mañá no colexio electoral por si falta alguén na mesa electoral.

As persoas suplentes tamén se elixen por sorteo.

As persoas suplentes poden marchar do colexio electoral cando todas as persoas que forman parte da mesa electoral están presentes no colexio electoral.

Pode pasar que as persoas que forman parte de mesa electoral e as persoas suplentes non se presenten no colexio electoral.

Se pasa isto, a primeira persoa que vai a votar ten que quedar na mesa electoral sempre que a persoa saiba ler, escribir e teña entre 18 e 70 anos.

Outras persoas que están na mesa electoral

Na mesa electoral poden estar outras persoas que son os interventores ou interventoras e os apoderados ou apoderadas.

Os partidos políticos que se presentan ás eleccións elixen a estas persoas.

Os interventores ou interventoras:

Os interventores ou interventoras teñen que estar no colexio electoral antes das 8 e media da mañá.

As persoas da mesa electoral comprobán que os interventores ou interventoras son as persoas elixidas polos seus partidos políticos.

Os interventores ou interventoras teñen as seguintes funcións:

- Estar na mesa electoral onde poden opinar sobre o que pasa pero non poden tomar decisións.
- Protestar, reclamar e pedir documentos, por exemplo, o acta de constitución da súa mesa electoral. A acta de constitución da mesa é un documento que firman pola mañá as persoas que forman a mesa electoral.

Os apoderados e apoderadas:

Os apoderados e apoderadas tamén pertencen a un partido político. Poden estar en varias mesas electorais e pasar por varios colexios electorais.

Os apoderados e apoderadas teñen as seguintes funcións:

- Comprobar que as votacións e o recuento dos votos están ben.
- Protestar, reclamar e pedir documentos, por exemplo, a acta de constitución da mesa electoral.
- Facer de interventores ou interventoras cando non hai interventor ou interventora na mesa electoral.

5. O material que necesitan as mesas electorais

As mesas electorais teñen que ter o seguinte material:

- 2 urnas para que as persoas metan dentro os seus votos.

Unha urna para o meter o voto para o Congreso dos Deputados e outra urna para meter o voto para o Senado.

- Unha cabina de votación cerca da mesa electoral.

Calquera persoa pode entrar á cabina e preparar o seu voto de forma privada.

- Sobres e papeletas de cor sepia e sobres e papeletas de cor branca.

Os sobres e papeletas de color sepia son para votar ao Senado.

El color sepia é parecido ao color laranxa claro.

Os sobres e papeletas de color branco son para votar ao Congreso dos Deputados.

As mesas electorais tamén teñen que ter o seguinte material:

- Lista do censo da mesa.

A lista de censo da mesa recolle todas as persoas que poden votar na mesa electoral.

Os datos das persoas que piden o voto por correo están tamén na lista do censo da mesa.

Na lista de censo da mesa as persoas que pediron votar por correo teñen una C diante do nome e apelidos. Estas persoas non poden votar no colexio electoral.

- Acta de constitución de la mesa electoral.

A acta de constitución é un documento da mesa electoral. As persoas da mesa electoral firman este documento pola mañá para saber as persoas que forman esa mesa electoral. e empezar a facer as súas funcións.

- Actas de escrutinio.

As actas de escrutinio son documentos da mesa electoral. As persoas da mesa electoral escriben nestes documentos o número de votos para o Congreso dos Deputados e o número de votos para os candidatos e candidatas do Senado.

- Certificados de votación.

Son documentos que piden as persoas que necesitan unha proba de que foron a votar.

As mesas electorais tamén teñen que ter o seguinte material:

- Acta de sesión.

A acta de sesión é un documento da mesa electoral.

As persoas da mesa electoral

escriben neste documento

ó número de votos que ten cada partido político,

as persoas que votaron nesa mesa electoral,

e os problemas que pasaron durante todo do día.

- Modelo auxiliar.

É un documento que axuda a contar os votos para os candidatos e candidatas do Senado.

- Lista de votantes da mesa:

Es un documento que recolle todas as persoas que votaron nunha mesa electoral.

As persoas da mesa electoral escriben na lista de votantes o nome e apelidos das persoas que votan

- Copias do nomeamento de interventores e interventoras.

Son os documentos que dan permiso aos interventores e interventoras para estar nunha mesa electoral.

- Sobres e recibos de entrega para entregar todos os documentos ao final do día.

• 6. Funcións das persoas que forman unha mesa electoral

Nesta parte do manual explicámosche as funcións das persoas que están nunha mesa electoral.

Funcións das persoas da mesa antes de empezar a votación

As 8 da mañá fórmase a mesa electoral.

As persoas convocadas reúnense no colexio electoral. As persoas suplentes poden marchar do colexio electoral cando non fan falta.

Despois, as persoas da mesa comprobán que a mesa electoral ten todo o material que necesita. As persoas de mesa informan á Xunta electoral de zona se falta algún material na mesa.

Entre as 8 e as 8 e media da mañá os interventores e interventoras teñen que ir á mesa electoral e mostrar a súa acreditación ao presidente ou presidenta da mesa.

A acreditación dos interventores e interventoras é un documento que pon o nome da persoa e o nome do partido político ao que pertence a persoa.

Cando o presidente ou presidenta da mesa comproba que todo está correcto fórmase a mesa electoral.

O presidente ou presidenta escribe a acta de constitución da mesa electoral.
Todas as persoas que forman a mesa electoral firman a acta de constitución da mesa.

Funcións das persoas da mesa durante a votación

As 9 da mañá o presidente ou presidenta di esta frase:
Empeza a votación.

As persoas xa poden ir á mesa electoral a votar.

As persoas teñen que seguir estes pasos para votar:

Paso 1: A persoa leva os seus sobres cos seus votos á mesa electoral.
A persoa di o seu nome e apelidos ao presidente ou presidenta da mesa.
Tamén ten que mostrar algún destes documentos: o DNI, o pasaporte ou o permiso de conducir.

Paso 2: As persoas vogais da mesa e as persoas interventoras comprobán que a persoa que vota está na lista do censo da mesa.

Paso 3: O presidente ou presidenta da mesa di o nome da persoa que vota e a palabra vota.

Paso 4 : A persoa xa pode meter os sobres cos votos nas urnas.

Paso 5: Ao final, os membros da mesa electoral apuntan o nome e apelidos da persoa que votou na lista de votantes.
Os membros da mesa teñen que poñer na lista de votantes o número que ten a persoa na lista do censo da mesa.

As persoas que non están na lista do censo da mesa so poden votar se presentan algún deste documentos:

- Unha sentenza xudicial que di que a persoa pode votar nesa mesa electoral.
Unha sentenza xudicial é un documento que explica a decisión dun xuíz ou xuíza sobre un problema.
- Un certificado censual.
O certificado censual é un documento que recolle os teus datos.
Por exemplo, o lugar onde vives.



Cando faltan papeletas
o presidente ou presidenta da mesa
avisa a Xunta electoral de zona
para que traian máis papeletas
o máis rápido posible.

A votación ten que parar
o tempo que faltan papeletas dalgún partido político
no colexio electoral.

Cando a mesa electoral está parada máis dunha hora
o presidente ou presidenta da mesa
pode consultar coas persoas de mesa
parar as eleccións.

Se a votación acaba
a Xunta electoral de zona
decide outro día para facer a votación.
A votación ten que ser nos dous días seguintes.
Por exemplo, cando votamos un domingo
e as persoas da mesa paran as eleccións
a próxima votación ten que ser
o luns ou o martes seguinte.

Se unha persoa da mesa electoral
pensa que unha persoa que vota
non decide o seu voto ou vota obrigado
debe deixar que a persoa vote
pero pode contar esta situación na acta da sesión.

Funcións das persoas da mesa despois da votación

As 8 da tarde acaba a votación.

O presidente ou presidenta da mesa electoral di que acaba o tempo para votar.

Despois mete nas urnas os sobres dos votos que chegaron por correo.

As persoas vogais revisan que as persoas que votaron por correo están tamén no censo electoral e escriben os seus nomes na lista de votantes.

As últimas persoas que votan son as que están na mesa electoral:

- Presidente ou presidenta.
- Interventores ou interventoras.
- e vogais.

Todas estas persoas teñen que firmar a lista de votantes.

Ao acabar a votación, empeza o recuento dos votos.

Primeiro cóntanse os votos para o Congreso dos Deputados e despois os votos para o Senado.

Para contar os votos o presidente ou presidenta abre os sobres e le as papeletas en voz alta.

Os membros da mesa electoral comprobán que o número de sobres é o mesmo que o número de persoas que votaron.

O presidente ou presidenta pregunta se hai algunha protesta ou reclamación. Se hai algunha protesta ou reclamación os membros da mesa electoral votan sobre o tema e fan o que decide a maioría.

Debes saber que existen diferentes tipos de votos.

Os votos poden ser:

- Votos en branco.
- Votos nulos.
- Votos para un partido político.

Votos en branco

- Sobres que no teñen papeleta dentro.
- Votos a partidos políticos que non se presentan.
- Votos para Senado onde a persoa non marcou a ningún candidato o candidata.

Votos nulos

- Papeletas sen sobre ou con un sobre diferente ao modelo oficial.
- Sobres con papeletas de varios partidos políticos para o Congreso.
- Papeletas para o Senado con máis de 3 candidatos ou candidatas marcados.
- Papeletas con cousas escritas.

Despois de contar os votos elimínanse todos os votos menos os nulos.

O presidente ou presidenta di:

- Os votos que ten cada partido político para o Congreso dos Deputados e os votos para os candidatos e candidatas do Senado.
- O número de persoas que votou na mesa electoral.
- O número de votos nulos e o número de votos en branco.

Despois, o presidente ou presidenta escribe a acta de escrutinio e a acta de sesión.

A acta de escrutinio é un documento que recolle o número de votos da mesa nas eleccións.

A acta da sesión é un documento que recolle o número de votos que conseguiu cada partido político e os problemas que pasaron durante a votación.

Todos os membros da mesa electoral firman estes 2 documentos.

- **7. Que documentos deben entregar as persoas da mesa ás autoridades?**

Os membros da mesa electoral deben entregar ás autoridades 3 sobres.

No sobre 1 métense os documentos orixinais da acta da sesión.

Nos sobres 2 y 3 métense copias da acta de constitución da mesa electoral e da acta da sesión.

O presidente ou presidenta da mesa entrega os sobres 1 e 2 no Xulgado.
A Policía ou a Garda Civil acompañan ao presidente ou presidenta ao Xulgado.

Una persoa de Correos recolle no colexio electoral o sobre 3.
Un vogal ten que esperar no colexio electoral ata que chegue a persoa de Correos.

Así acaba a participación de todos os membros da mesa electoral nas eleccións.

• 8. Accesibilidade nos procesos electorais e o voto das persoas con discapacidade.

As persoas con discapacidade son persoas autónomas e independentes.

As persoas con discapacidade non necesitan axuda sempre.

As persoas con discapacidade pediranche axuda se a necesitan.

As persoas con discapacidade poden pedir a axuda ás autoridades para que as guíen polo colexio electoral.

Consellos para tratar coas persoas con discapacidade:

Persoa con discapacidade visual:

Nas eleccións xerais as persoas con discapacidade visual que coñecen o sistema braille teñen dereito a votar con este sistema. Este sistema chámase voto accesible.

Estas persoas teñen que pedir os documentos en braille antes das eleccións ao Ministerio do Interior.

O Ministerio do Interior envía á mesa electoral onde vai votar esta persoa os documentos en braille.

A mesa electoral ten a obriga de darlle as persoas con discapacidade visual os documentos en braille para votar.

A mesa electora necesita ter :

- Unha lista de nomes e DNI das persoas con discapacidade visual que pediron votar cos documentos en braille.

Estas persoas están incluídas na lista do censo electoral da mesa.

- Un maletín con información en braille e o material que necesita a persoa para poder votar.

As persoas da mesa teñen que guiar ás persoas con discapacidade visual hasta o espazo reservado no colexio electoral para que podan elixir o seu voto.

Cando a persoa con discapacidade visual elixiu o seu voto pode ir á mesa electoral para meter os seus sobres cos seus votos.

Tamén tes que saber que as persoas con discapacidade visual teñen dereito a levar o seu can guía ao colexio electoral.



As persoas con discapacidade auditiva:

As persoas con discapacidade auditiva comunícanse de formas diferentes.

Algunhas persoas usan lingua de signos e outras usan linguaxe oral con palabras.

Para falar con persoas con discapacidade auditiva tes que mirar ás persoas ao ollos e falar amodo para que entendan ben o que estás explicando.

Tamén podes usar aplicacións de móbil para comunicarte con persoas con discapacidade auditiva.

Cando falas cunha persoa con discapacidade auditiva que está acompañada por un intérprete de lingua de signos mira á persoa con discapacidade auditiva e non ao seu intérprete.

As persoas sordocegas:

Unha persoa sordocega é una persoa que ten discapacidade auditiva e discapacidade visual.

As persoas sordocegas poden ter dificultades para falar ou poden necesitar unha persoa de apoio.

Se a persoa necesita axuda para andar podemos ofrecer o noso brazo para que a persoa se apoie.

A persoa sordocega tamén ten dereito a entrar no colexio electoral co seu can guía.

Para saber máis información sobre as persoas sordocegas pincha no seguinte enlace:

<https://www.fasocide.org/como-actuar-ante-una-persona-sordociega/>

A información deste enlace non está adaptada a lectura fácil.



As persoas con discapacidade intelectual:

Debes falar de forma clara e fácil
coas persoas con discapacidade intelectual que van a votar
para que comprendan a información.

Debes ter en conta
que as persoas que votan son adultas.
Por iso, é importante que trates
a todas as persoas como adultas
e non como nenos e nenas.

Debes ter en conta
que as persoas con discapacidade intelectual
pode tomar decisións por si mesmas.
Por exemplo, poden elixir un partido político.

Se queres saber máis información
sobre accesibilidade e procesos electorais
podes pinchar no seguinte enlace:

<https://infoelectoral.interior.gob.es/opencms/es/proceso-electoral/accesibilidad-y-procesos-electorales/>

A información deste enlace
non está adaptada a lectura fácil.

● 9. Normas dentro do colexio electoral

Dentro do colexio electoral,
todas as persoas debemos cumprir unhas normas.
Esas normas tamén se chaman orde pública.

As normas de orde pública con:

- A entrada do colexio electoral debe ser accesible para que as persoas podan entrar.
- As persoas que están no colexio electoral teñen que respectar o voto das outras persoas. As persoas non teñen que dicir a que partido hai que votar.
- Ningunha persoa pode entrar ao colexio con armas.
- As persoas non poden falar sobre os partidos políticos.
- Os medios de comunicación necesitan autorización para gravar.

Se os medios de comunicación queren facer entrevistas ás persoas que se presentan ás eleccións teñen que facelas fora do colexio electoral.

Que persoas poden entrar nos colexios electorais?

As persoas que teñen dereito a entrar nos colexios electorais son:

- As persoas que van a votar e as súas persoas de apoio.
- Persoas representantes dos partidos políticos.
- Candidatos ou candidatas dos partidos políticos.
- Persoas interventoras e persoas apoderadas.
- Notarios ou notarias.
Un notario ou notaria é un traballador ou traballadora da administración.
O notario ou notaria confirma que un documento é legal.
- Axentes da autoridade.
Por exemplo, a policía.
- Persoas que forman parte das Xuntas electorais de zonas.
Son as persoas que controlan que as eleccións funcionan ben.

- Xuíces e Xuízas de Instrución.
Un Xuíz ou Xuíza de Instrución é unha persoa que aplica a lei para solucionar conflitos ou castigar delitos.
Os Xuíces o Xuízas de instrución poden formar parte das Xuntas electorais de zona.
- Representantes da Administración Pública.
En cada colexio electoral hai unha persoa que representa á Administración Pública.

Estas persoas encárganse de comunicar ao Centro de Difusión de Datos os resultados do recuento de votos da súa mesa electoral.

O Centro de Difusión de Datos ten a función de comunicar o resultado das eleccións.

As persoas que representan á Administración Pública tamén informan sobre os problemas que hai na mesa electoral, por exemplo, problemas co material para votar.

Calquera outra persoa que quere estar dentro do colexio electoral necesita ter unha autorización do presidente ou presidenta da mesa electoral.

• 10. Problemas que poden pasar na mesa electoral

O presidente ou presidenta da mesa ten que apuntar na acta de sesión os problemas que pasan no colexio electoral.

O presidente ou presidenta da mesa tamén ten que apuntar o nome e apelidos das persoas relacionadas cos problemas que pasan no colexio electoral.

Problemas que poden pasar antes de comezar a votación:

- Que o presidente ou presidente da mesa e o seu suplente non se presenten no colexio electoral.
Neste caso, o primeiro vogal ou primeira vogal será o presidente ou presidenta da mesa.
- Que non se presenten todas as persoas que forman a mesa electoral.
As persoas que están no colexio electoral deben informar a Xunta electoral de zona desta situación.

A Xunta electoral de zona decide outras persoas para que formen a mesa electoral.

Se a mesa electoral no está formada antes das 10 de mañá a Xunta electoral de zona organiza a votación para outro día.

A votación ten que ser nos dous días seguintes.

Por exemplo, cando votamos un domingo a próxima votación ten que ser o luns ou o martes seguinte.



A Xunta electoral de zona nomea novas persoas para formar a mesa electoral.

- Que falte algún documento na mesa electoral.
Neste caso, o presidente ou presidenta ten que informar desta situación á Xunta electoral de zona.
- Que a mesa non teña a copia dos documentos dos nomes e apelidos dos interventores e interventoras que van a estar na mesa.
- Que existan dúbidas sobre quen son as persoas que forman a mesa electoral.
- Que as persoas da mesa teñan dúbidas sobre quen son os interventores e interventoras.
- Que os interventores e interventoras cheguen á mesa electoral despois das 8 e media da mañá.
- Que unha persoa pida a copia da acta de constitución da mesa electoral e o presidente ou presidenta lla entregue tarde. Esta persoa pode facer unha reclamación.

Hai que facer dúas copias da reclamación. Unha copia gardarase coa acta da sesión e a outra copia entregáraselle á persoa que fixo a reclamación.

Problemas que poden pasar durante a votación:

- Que falten papeletas dalgún partido político.

Cando faltan papeletas
o presidente ou presidenta da mesa
avisa a Xunta electoral de zona
para que traian máis papeletas
o máis rápido posible.

A votación ten que parar
o tempo que faltan papeletas dalgún partido político
no colexio electoral.

Cando a mesa electoral está parada máis dunha hora
o presidente ou presidenta da mesa
pode consultar coas persoas de mesa
parar as eleccións.

Se a votación acaba
a Xunta electoral de zona
decide outro día para facer a votación.

A votación ten que ser nos dous días seguintes.
Por exemplo, cando votamos un domingo
e as persoas da mesa paran as eleccións
a próxima votación ten que ser
o luns ou o martes seguinte.

- Que os interventores o interventoras
dunha mesa electoral pidan votar
noutra mesa electoral.



- Que algunha persoa queira votar máis dunha vez.
As persoas so poden votar unha vez.
Votar máis dunha vez é un delito.
- Que unha persoa que pediu o voto por correo
veña a votar ao colexio electoral.

O presidente ou presidenta pregunta
se hai algunha protesta ou reclamación.

Se hai algunha protesta ou reclamación
as persoas que forman a mesa electoral
votan sobre a situación
e faise o que decide a maioría.

As persoas poden facer reclamacións
por exemplo nos seguintes casos:

- Cando as persoas da mesa electoral teñen dúbidas
sobre quen é a persoa que vai votar.
- Cando as persoas da mesa electoral
néganlle o voto a unha persoa.



Problemas que poden pasar despois da votación:

Ao acabar a votación,
empeza o recuento de votos.

O recuento de votos é público.
Calquera persoa pode ver como se contan os votos.

O recuento acaba cando se contan todos os votos.


As persoas que van a ver o recuento dos votos
non poden facer reclamacións ou protestar
ata que se acaben de contar os votos.

O presidente ou presidenta da mesa
pode expulsar a unha persoa
que interrompe o recuento de votos.

Os notarios ou notarias,
os candidatos ou candidatas
e os representantes dos partidos políticos
poden pedir á mesa electoral
que revise un voto
se teñen dúbidas sobre ese voto.
Por exemplo,
poden pensar que hai un voto que se contou mal.



Centro Español de Accesibilidad Cognitiva
Avenida General Perón, 32. Planta 1
Código postal 28020. Madrid
info@ceacog.es
www.ceacog.es



CENTRO ESPAÑOL DE
ACCESIBILIDAD
COGNITIVA